Café Budapest CÓMIC

Zapico, Alfonso (2008)



1947. Un mozo violinista xudeu vive coa súa nai en Budapest. O tío Yosef invíta-os a marchar canda el a Xerusalén onde rexenta o Café Budapest, *un efímero oasis de harmonía que se converte nun escenario onde se reflicten o caos e a barbarie presentes en toda Palestina, xusto antes de que os ingleses abandonen a rexión.*

PALESTINA. En la franja de Gaza

Sacco,Joe (2002) CÓMIC



A finais de 1991 e principios de 1992, Joe Sacco pasou dous meses entre palestinos dos territorios ocupados, viaxando e tomando notas. Ao volver aos EE.UU., a mediados de 1992, comenzou a escribir e debuxar Palestina, onde combinaba as técnicas da reportaxe periodística coa narración propia do medio historietístico para explorar esta situación tan complexa e emocionalmente densa.

El mundo después del 11-S

Jacobson, Sid (2008)
CÓMIC



Os autores tratan de explicar o mundo despois do 11-S: os acontecementos máis cruciais, as tomas de decisións, as consecuencias da "guerra contra o terrorismo" emprendida por EE.UU. e o contexto que levou a esa guerra.

Persépolis

Satrape, Marjane (2000) CÓMIC



A autora, unha das artistas iranís máis aclamadas, galardoada con multitude de premios, ofrécenos un relato autobigráfico sobre a súa infancia en Irán, que é á súa vez un excelente testemuño histórico dun pobo e dunha época.

Grazas á súa carga emotiva, crítica e irónica, Persépolis *converteuse nun cómic de referencia.*

BIBLIOTECA ALEXANDRE BÓVEDA

CONTRA A VIOLENCIA POLA PAZ



Pídeos na biblioteca

IES Alexandre Bóveda

BIBLIOTECA http://biblioboveda.blogspot.com

El Hundimiento

Hirschbiegel, Oliver (2004) **CINE**

Berlín, abril de 1945. Unha encarnizada batalla líbrase nas rúas da capital. Hitler e o seu círculo de confianza atópanse atrincheirados no búnker do Führer. entre eles atópase Traudl Junge, a súa secretaria persoal.
A pesares de que Berlín xa non pode resistir máis, o Führer négase a abandonar a cidade e prepara a súa despedida final.

El Pianista

Polanski, Roman (2002) **CINE**

Wladyslaw Szpilman era un dos pianistas polacos máis coñecidos, pero cando estalou a guerra, como tantos outros xudeus, Szpilman e a súa familia forn desaloxados do seu apartamento e amoreados xunto a miles de persoas no ghetto de varsovia, onde se gañou a vida como puido tocando nos bares nos que se reunían colaboradores e traficantes do mercado negro.

Cometas en el cielo

Foster, Marc (2008) **CINE**

De nenos, Amir e Hassan eran amigos inseparables, ata que un terrible acontecemento os separou. Anos despois, Amir embárcase nunha perigosa viaxe para emendar os erros do pasado e tratar de redimirse dun xeito que non esperaba... Amosando todo o seu valor e lealdade ao seu amigo.

American History X

Kaye, Tony (2008) **CINE**



Narra a historia de Derek, cabeza visible do DOC, un grupo de mozos neonazis que xorde como resposta ás ameazas e agresións das bandas de mozos negros a rapaces brancos. Derek vive cos seus 3 irmáns e a súa nai. O pai de Derek, bombeiro, foi asasinado cando trataba de apagar un incendio nun barrio de maioría negra. Unha noite, tres mozos negros tratan de roubar a camioneta da familia. Alertado polo seu irmán pequeno Danny, Derek dispara os asaltantes e mata brutalmente a un deles, polo que é condenado a tres anos de cárcere. Mentres Derek cumpre condena no cárcere, seu irmán Danny comeza a seguir os seus pasos.

Profesora, ¿cómo se escribe futuro?

Greiner, Margret (2003) **LIBRO**

Narra o intento dunha mestra de aportar paz e esperanza nun gran conflito. Cando Margret Greiner, profesora de historia, ética e alemán, chega a Xerusalén, está chea de esperanzas e expectativas. Pero a realidade é moi diferente...

Los fuegos de la memoria

Sierra i Fabra, Jordi (2007) **LIBRO**



Nun pequeno pobo hai unha fosa común coñecida como "Los trece de San Agustín" porque enterraron nela a trece homes do bando republicano torturados e asasinados durante a Guerra Civil. Pero cando comezan as exhumacións, dentro do programa de recuperación da memoria histórica, só aparecen os restos de doce corpos. Onde está o que falta?

Fin de século en Palestina

Murado, Miguel Anxo (2008) **LIBRO**

É o relato autobiográfico da experiencia vivida polo autor cando foi enviado polas Nacións Unidas a Palestina. Un relato auténtico, tenro, en parte tráxico e mesmo ás veces humorístico da vida nun país cheo de cor e de violencia.

Nun lugar chamado Guerra

Sierra i Fabra, Jordi.(2002) **LIBRO**

Néstor Pujalte é enviado polo xornal para o que traballa a Tudzbestán, república imaxinaria ubicada entre as cinco exrepúblicas islámicas soviéticas reais.
Alí coñece a Milo, un adolescente que lle ensina, en tempos de guerra, o significado da palabra sobrevivir.